



Carta desde a banda da esperanza

Manuel Regal Ledo

Froito da casualidade ou da mesma significativa recorrencia dos feitos, fomos batendo nestas últimas semanas con novas que, dun xeito ou doutro, teñen que ver algo coa verdade. Empezando xa pola ensinanza reiterada do Papa Bieito XVI –a quen lle dicíamos o noso agradecido adeus cristián na Crónica anterior–, que fixo da verdade un dos puntos fortes do seu urdido teolóxico.

Atoparnos de cara coa verdade, coa súa poliédrica figura, levounos a ollar de fronte a Xesús de Nazaré, de quen partiu aquel rotundo e simplísimo «Si, cando é si; non, cando é non; e todo o que pase de aí vén do Malo» (Mt 5, 37). Era o mesmo Xesús de quen ata os fariseos, os seus máis duros contrincantes, ofrecían a loanza máis redonda pola que calquera de nós choutaríamos de contentas: «Sabemos que es sincero, que ensinas o verdadeiro camiño de Deus e

que non andas con miramentos, porque non te deixas levar polos respectos humanos» (Mt 22, 16b). Case nada! O mesmo Xesús, si, de quen «toda a xente estaba abraiada pola súa doutrina, pois ensinaba coma quen ten autoridade, non coma os letrados» (Mc 1, 22). Falaba con autoridade porque, entre outras cousas, acompañaba a palabra cos feitos e así llelo aprendía aos homes e mulleres que mandaba misionando polos camiños e aldeas (cfr. Lc 8, 1-3). Tanto que as primeiras comunidades cristiás viron e expresaron que non só dicía verdades –que xa non é pouco–, senón que tanta era a súa identificación coa verdade, que chegaron a poñer na súa boca aquela afirmación absoluta: «Eu son o camiño, a verdade e a vida» (Xn 14, 6a). Poucas as grazas que despois o describirán pedíndolle ao Pai «conságraos na verdade» (Xn 16, 17a).

E, se en Deus, en Xesús, no Espírito, a verdade é unha realidade total, coa que se poden identificar con totalidade, non o é así no noso caso, primeiro porque nós somos persoas tamén sometidas cando menos á tentación de quen «é mentireiro e pai da mentira» (Xn 8, 44,b), e despois e sobre todo porque para nós esa verdade, que é unha e eterna en Deus, faise en nós histórica, progresiva, e convértese nun reto cotián, que nos permite ir engordando en verdade ou nela ir revendo.

Igual sería un bo compromiso coresmal abrir os ollos do corpo e da alma para albiscar a verdade coa que nos agasallan as circunstancias da vida e os signos dos tempos –e Deus a través de todo iso–, para agradecela, para construírnos con ela día a día. Ao lor disto –como de forma ben enxebre dicimos por Abadín: ao lor de...–, falando ou partindo disto, comentamos algunhas novas, que seguramente poderá ampliar tamén quen isto lea.

1.- As falsas novas

Sei que en inglés se di «*fake news*», pero aborrezco esa práctica, que no fondo me sabe a

imperialista, de encher a nosa fala galega e castelá de palabras estranxeiras, coma se nós non tivéssemos palabras dignas e atinadas para dicir canto teñamos que dicir. Así que falsas novas. Pois estas falsas novas son iso, novas falsas, coas que moi adrede se está contaminando todo o mundo da intercomunicación. E os responsables destas falsas novas, desta sementeira de mentira, sono non só calquera individuo que, grazas á dispoñibilidade dos medios de comunicación, poden compartir unha mentira nun segundo entre millóns de persoas e a miles e miles de quilómetros á redonda, que logo serán reproducidas coa mesma facilidade por calquera de nós incluso coa mellor intención do mundo.

Pero tamén o son –e isto é especialmente grave– grupos de presión, que non sei como cualificar, que viven diso, cunha capacidade insospeitada de crear opinión, de condicionar adhesións, de fomentar un voto determinado, de levar as augas para o rego que lles interesa, con frecuencia nas mans de grandes grupos de persoas con capacidade para premer sobre un goberno ou unha empresa,

especialmente no relativo ás decisións políticas e económicas.

E sono –e considero isto aínda máis grave– os actores políticos máis inmediatos que, coa ansia manifesta de acceder ao poder ou de afirmarse nel, non teñen reparo en dicir as maiores barbaridades, esaxerando adrede, mentindo adrede, distorsionando feitos e palabras adrede, dicindo medias verdades, con tal de debilitar a posición do contrario, e conquistar un puñado máis de votos. E digo adrede, presumindo de que é imposible que non teñan a man os datos verdadeiros sobre daquilo que están a falar. É ben sabido que existen nos partidos políticos xente experta en sinalar que é o que cómpre dicir en cada caso distorsionando a realidade, pero saír triunfantes.

Paréceme especialmente grave a cousa, porque é unha maneira manifesta de agrear a convivencia política, de facer imposibles os máis elementais acordos, de trasladar á sociedade un sentimento fondo de malestar, un certo noxo por formar parte dunha determinada colectividade humana ou mesmo país, de renunciar na práctica

a ese soño do feito político que consiste en falarnos e escoitarnos mutuamente, sabendo que nunca a verdade e o acerto son propiedade de ninguén, e que, polo tanto, ningunha voz é completa en por si e tampouco ningunha pode quedar excluída da cooperación política.

Isto dáse dun lado e doutro do espectro político, pero creo dicir verdade se afirmo que, por lóxica da realidade, sempre son os grupos da oposición os que mellor manexan esas falsas novas, e que iso que chamamos «extrema dereita» sabe moito destas prácticas democraticamente perversas, e diso son exemplos o pasado en EE.UU. de América primeiro e no Brasil despois. E xa non falemos de como violentan a realidade réximes políticos como o que actualmente lidera Nicaragua, que transpintou o soño revolucionario nun orgasmo absolutista do que o bispo Rolando Álvarez, condenado a 26 anos de prisión porque si, e con el o conxunto da igrexa nicaraguano, está sendo vítima.

Cando na mesma Igrexa se empregan estes métodos –e por veces parece facerse– por moi envoltos que vaian en avema-

rías ou en berros proféticos, a cousa xa ascende a esperpento, a sagrado esperpento.

Que Deus nos colla confesados a todos, a todas!

2.- As cousas sempre teñen un porqué

Nos últimos días do mes de xaneiro déronse dous acontecementos dramáticos. Un o lugar na área xudeu-palestina, na que desde hai ducias de anos se amorea un grande absurdo humano (e relixioso). A Cisjordania palestina desde abril do 2023 está sufrindo reiteradas redadas (sumadas ás doutros anos), co aquel de intentar acabar coas accións de protesta, violenta ás veces, do poboación palestina, que, como todo o mundo sabe, aínda que case nada se publique, é obxecto constante de abusos de todo tipo, coa intención derradeira de, a forza de amargarlles a vida, podelos expulsar da súa terra. Oficialmente son redadas contra o *xihadismo* violento (que o haberá).

Dentro dos 40 mortos habidos neste período, foi significativa a morte de Shireen Abu Agla o 11 de maio pasado, periodista

palestina-estadounidense moi influínte que traballaba para o periódico *Al Jazeera*. Estaba precisamente facendo unha reportaxe para este periódico no lugar do conflito. Foi unha casualidade, disque, una bala perdida. E xustamente o 26 de xaneiro o exército israelí, nunha desas súas «autodefensivas» redadas mata en Yenin, Cisjordania, nove persoas. Ao día seguinte algúns palestinos cometen un atentado nunha sinagoga de Xerusalén, no que morren 7 persoas. E ao día seguinte fire tres persoas un mocete de 13 anos, que acaba sendo abatido por uns cidadáns armados. Cando se ataca a sinagoga é cando se dá un estoupido informativo. Cando antes as mortes palestinas se ían amoreando día a día, nada ou case nada.

E as cousas sempre teñen un porqué. Non rexeito a ninguén por ser xudeu, só faltaba. A tradición cristiá na que me sinto moi cómodo, ten as súas raíces na experiencia sublime deste pobo, e o noso referente fundamental, Xesús de Nazaré, foi e seguirá sendo eternamente un xudeu. Non aplaudo, só faltaba tamén, a violencia dalgún grupo palestino. Comparto a indigna-

ción por todo o cometido contra o pobo xudeu na Alemaña nazi, pero tamén antes durante séculos, en países que se dicían católicos. Mais por iso mesmo, pola amargura que deixa tanta dor e morte, non dou entendido como un pobo que pasou por esas é capaz de someter outro pobo a prácticas, se non tan extremas, si completamente inhumanas, ata facer da Palestina un verdadeiro Gulag. Que hai grupos palestinos violentos é ben sabido. Pero tamén é certo que a provocación e a desproporción é o pan co que cada día deben comer.

E a cousa seguirá así. Un goberno de ultradereita, cun compoñente relixioso do mesmo signo, non garante outra cousa. Pero para ese lado non volvemos o rostro. Nin do que pase ou deixe de pasar recibiremos a información oportuna.

3.- O drama de Alxeciras

Xustamente o mesmo 26 de xaneiro, cando Xerusalén estaba que ardía, un mozo marroquí, Yassine Kanjaa, 25 anos, monta unha traxedia en Alxeciras. Converso acelerado ao *xihadismo*, iso parece, diríxese primeiro a unha igrexa da cidade, atendida polos

salesianos, e con aires impositivos diríxese a algunhas persoas alí presentes, recriminándoas pola súa forma de crer, e enfróntase violentamente cun padre salesiano, Antonio Rodríguez, a quen, con intención de o matar, lle causa unha boa ferida. Sae á rúa, diríxese á igrexa da nosa Señora de la Palma e repite algo semellante, neste caso ferindo primeiro e matando despois o sancristán da parroquia, Diego Valencia, 65 anos, casado, con dous fillos. Ponse a loar a Alá, e acaba sendo apresado pola policía.

Houbo algún aceno de querer sacar partido antimusulmán ao acontecido, pero a cousa non foi a máis. A tradición musulmá está a facer un recorrido interno, para moitos de nós moi lento, pero non debemos esquecer que tamén nosoutros, os honorables católicos, durante séculos faciamos das nosas por un quítame aquí esa palla doutrinal. Pero non é isto o que quero subliñar, senón pousar os ollos amigablemente (!) no tal Yassine Kanjaa, ao que agarda un futuro nefasto.

A información que del se nos ofreceu foi quedando do lado da insignificancia, pero si que

é moi relevante para entendela e mesmo amalo, máis aló das barbaridades que fixo. Un rapaz con problemas psiquiátricos na súa terra, que a saber como foron atendidos. Un mozo que se arrisca á aventura dunha emigración clandestina, soñando sabe Alá o que. Un mozo que no país dos seus soños non atopa nada, nin para o seu corpo nin para o seu espírito: nin traballo, nin medios de vida, nin amizades ... soidade, frustración, desespero... Alguén dubida de que fose un candidato excelente para unha conversión á violencia *xihadista*, e que nesa militancia violenta puidese atopar un sentido á súa existencia? Nada fai xustificable a violencia, pero a violencia moitas veces ten un porqué, que, se non lle dá xustificación, si que permite encaixar os empanados mosaicos dunha existencia turbulenta.

Descanse en paz de martirio Diego Valencia! Que Deus teña da súa man do seu filliño querido Yassine Kanjaa!

4.- Buscando coherencia e verdade

Sorprendeume positivamente a nova que, por obra e graza dos

novos medios de comunicación, entrou hoxe mesmo pola miña porta. O arcebispo de Palermo en Italia publicou un decreto o 31 de xaneiro pasado co que *ad experimentum* e durante tres anos a partir do 1 de xullo, suspendía na súa diocese o oficio de padriños e madriñas para as persoas bautizadas e confirmadas. E todo, claro, porque vía, e vía ben, que tales oficios, moi importantes nos procesos de iniciación cristiá dos primeiros tempos do cristianismo, e tamén posiblemente en casos máis ben illados do presente, foran perdendo todo o seu sentido. De seren persoas de acompañamento para quen se bautizaba ou confirmaba, dándolle apoio coa súa madurez de vida cristiá, co seu exemplo de vida, padriños e madriñas pasaron a ser un «adorno coreográfico» así di o decreto, no que uns e outras participan polo aquel de certo parentesco ou outros «vencellos ambiguos», cousas que non responden ao sentido e verdade da súa función.

Compraceume moito a decisión deste arcebispo, Corrado Lorefice, que así se chama o señor. (Posteriormente dous bispos italianos máis deron o

mesmo paso). Cantos enredos absurdos, tempos perdidos e mesmo enfrontamentos porque o irmán ou irmá quere ser padriño ou madriña e o cura non o deixa por ser moi novo, ou porque non está confirmado, certificado para arriba e para a abaixo...! Que sexa persoa desentendida de feito da práctica cristiá parece que non é cousa moito a ter en conta. É un andar en mentira, en mentira vital, que é moito máis destrutiva do que a verbal.

Todo forma parte desa argallada na que indebidamente temos convertido os procesos de iniciación cristiá e as formas de vida dentro das nosas comunidades, das nosas parroquias, con responsabilidade compartida entre quen exerce ministerios e quen se achega aos sacramentos, pero máis entre aqueles, que, a máis de para outras cousas, están para coidar a verdade do celebrado. Cando na Igrexa nos queixamos de tanto relativismo, e nel cargamos o saco da desafección social cara á Igrexa, que ben nos viría ollar para o inmenso relativismo que cruza de arriba abaixo cousas das máis sagradas da nosa vinculación cristiá.

Así non hai quen viva. Así non hai Igrexa que ature os ban-

dazos dos tempos presentes. E o primeiro paso é xustamente ese, ir poñendo verdade no que dicimos e facemos. Sería un moi proveitoso exercicio coresmal ver en cantas cousas estamos funcionando con formas semellantes. E ter a audacia e a humildade de recoñecer a nosa fragilidade, de lle poñer freo, de buscar en comunidade as decisións a tomar, de explicalas oportunamente, e de invitarnos a todos a soñar con podermos ser o que pretendemos ser. Cousas pequeniñas coma a da supresión de padriños e madriñas poden valer para abrir camiño e crear estilo. Grazas, irmán Corrado Lorefice!

5.- Fuxindo da verdade que libera

E mentres tal determinaba o arcebispo de Palermo, ese mesmo día 31 o Papa Francisco arrincaba en avión cara á República Democrática do Congo e Sudán do Sur, viaxe que duraría ata o 5 de febreiro. Era unha visita demorada por mor dos problemas de saúde do Papa, e complexa pola situación de cada un dos dous países, nos que a violencia e a morte son pan de cada día.

A RDC: cinco Españas en extensión, 95 millóns de habitantes, desde a súa independencia de Bélxica no 1960 case sempre convulsionada, cunha guerra co maior número de mortos despois da segunda guerra mundial; 53 % católicos, 42 % cristiáns doutras confesións, un 1,4 % musulmáns, 3,5 % relixións tradicionais. Inmensas e moi cobizadas riquezas en diamantes, coltán, ouro, cinc, cobre... Sobre todo a zona nordeste do país está moi castigada por tropas armadas que reciben apoio de países veciños.

E Sudán do Sur: algo máis grande ca España, 15 millóns de habitantes, independente de Sudán desde 2011, guerra entre dous grupos étnicos: nuer e dinka (desde 2020 goberno unitario), millóns de persoas desprazadas, petróleo e riquezas naturais, pero un dos países máis pobres do mundo, fame negra recorrente. 52 % de católicos, 9 % outros cristiáns, 32 % relixións tradicionais e 6 % de musulmáns.

Pois ben, ante esta viaxe do Papa, na que, como veremos, fixo declaracións moi fortes, o silencio dos medios, no que puidemos ver, foi case absoluto.

Adrede nunha das xornadas máis sonadas do Papa no Congo na que celebrou unha Eucaristía ante máis dun millón de persoas no aeroporto de N'Dolo, vimos a TVE, e nada; a TVG e nada. Curiosamente nun deses programas de medio día de moi-tísima audiencia, o seu condutor sacou o tema insistindo en que o Papa ía ir ao país máis novo do mundo (por Sudán do Sur), e un tertuliano aproveitou para subliñar que o Papa ía a eses países, sobre todo á RDC, porque era onde aínda había unha audiencia da que carece nestes lares. E quedaron todos tan panchos. Nin unha palabra sobre a situación real deses países, en aspectos caótica. Nin unha palabra sobre as denuncias do Papa ao mundo do poder entre os que nos atopabamos nós mesmos, aínda que só fose para mostrar desacordo, se así o sentisen. Nada. Nun exercicio patético –eran persoas notorias do mundo da comunicación– de non abrir os ollos e os oídos para non escoitar o que custaría escoitar; de pechar a boca para non comunicar o que pasa.

E o Papa viaxaba a eses países para transmitirlles a solidariedade que tanto lles cómpre, deixarse

afectar por unhas situacións de verdadeira inhumanidade, e clamar con voz profética que o que alí está pasando nos afecta en boa medida aos países poderosos do mundo que cambiaron o colonialismo político doutrora polo colonialismo económico darestora, que privan eses países do proveito das súas moitas riquezas, mesmo gustando de que os gobernos sexan medio falidos, para así teren as mans máis libres para seguir coa depredación.

Referíndose ás liortas internas na RDC, afirmaba o Papa: «(...) sobre todo é guerra desatada por unha insaciable avidez de materias primas e de diñeiro, que mantén unha economía armada, que esixe inestabilidade e corrupción. Que escándalo e hipocrísia: a xente é agredida e asasinada, mentres os negocios que causan violencias e morte seguen prosperando».

Para afirmar noutro momento, pensado nos dous países visitados e en todo o seu continente:

«Non lle toquen a África. Deixen de asfixiala, porque África non é unha mina que explotar nin unha terra que saquear. Que África sexa protagonista do seu propio destino.

Que o mundo lembre a desfeita cometida ao longo dos séculos para desgraza das poboacións locais e non se esquezan deste país e deste continente».

E todo isto sen que o Papa fixese referencia ao tribalismo, ás diferenzas étnicas, á corrupción dos gobernantes, aos enriquecementos inxustos etc. A subliñar o feito de que o Papa programase esta viaxe xuntamente co primado da Igrexa Anglicana, Justin Welby, e o líder dos presbiterianos escoceses, Iain Green-shields, nunha especie de peregrinación ecuménica pola paz, dando exemplo práctico do que xa hai anos cría cando afirmaba que, se o ecumenismo doutrinal ten as súas pexas e, polo tanto, os seus tempos de espera, o ecumenismo da solidariedade, o máis importante, está xa nas nosas mans podelo verificar.

Pero que importa todo isto para quen foxe da verdade que libera!

6.- Cando a verdade manca e manca moito

O día 13 de febreiro tivo lugar en Lisboa a presentación do informe da Comisión Indepen-

dente que debía estudar a realidade dos abusos a menores por parte do clero e outros posibles colaboradores do ámbito eclesial. O seu traballo foi áxil, ao redor dun ano, e ofreceu uns datos, unha vez máis, amplos e arrepiantes: entre os anos 1950-2022, aínda que maiormente no espazo 1950-1990, 4.815 nenos e nenas foron vítimas de violencia sexual: 52 % nenos, 48 % nenas, con idades comprendidas entre os 10 e os 14 anos. As persoas que cometeron eses delitos eran homes nun 96,9 % dos casos, e cregos nun 77 %. Os lugares escollidos para o abuso, foron, de maior a menor frecuencia, os seminarios, os locais da Igrexa, os confesionarios, as reitorais, os colexios relixiosos. De todos estes casos o 95 % xa prescribiron, aínda que a Comisión Independente demanda que se amplíe o tempo de prescripción ata que a persoa abusada cumpra polo menos 30 anos.

Xosé Ornelas, o presidente da Conferencia Episcopal Portuguesa, foi quen presidiu a presentación deste informe, o que houbo de recoñecer que a realidade posta de manifesto «é unha ferida aberta que nos doe e avergonza»; quen tamén anun-

ciou que a CEP estudará axiña a maneira concreta de pedir perdón abertamente, quen garante que o traballo terá continuidade, pois queda moito por facer, e quen, aínda con esas, recoñece que o traballo feito é algo liberador para a mesma Igrexa e para o conxunto da sociedade.

Chamounos a atención a harmonía positiva que se percibe entre a Comisión Independente, a Igrexa Portuguesa que colaborou con axilidade para que o seu traballo fose rápido e eficaz, e incluso os mesmos poderes civís, que mesmo manifestan o desexo de que traballos coma este se leven a cabo tamén noutros ámbitos sociais onde está asegurado que os abusos tamén existiron.

(Cando xa esta Crónica estaba feita, fíxose pública a postura do episcopado portugués, despois dunha Asemblea Plenaria celebrada a primeiros de marzo. Parecen encollerse abondo nas súas resolucións, disque premidos por un grupo de bispos máis apoucados: nada de medidas comúns, de momento; cada diocese verá o que pode e quere facer; os que supostamente cometeron delitos ou os encubriron seguen nas súas

funcións; cara á consideración coas vítimas, vaguidades, e boas intencións soamente cara ao que cumprirá facer no ámbito eclesial e fóra del. Unha mágoa.)

É doado comparar esta maneira de traballar co que nos está pasando en España. É moi posible que, vendo o acontecido en Irlanda, Alemaña, Francia e noutros países, vendo o que pasaba en Portugal (con características sociopolíticas e eclesiais semellantes ás nosas), haxa que deducir que máis ou menos outro tanto sucedería entre nós. Emporiso os aires á hora de afrontarmos nós esta realidade non son desde logo os portugueses, aínda que ese país irmán estea do lado de onde nos chegan tantos ventos. Quizais ao non facilitar e axilizar desde a Igrexa a creación dunha Comisión indubidablemente independente, creouse unha Comisión Parlamentaria, que se está queixando da escasa colaboración dos bispos de moitas dioceses, posiblemente polas grandes reticencias que teñan respecto a esa Comisión; sobre a Comisión Independente que preside o avogado Xavier Cremades, con vinculacións confesionais, descansa a dúbida sobre a súa imparcia-

lidade, e en todo caso leva xa cumprido o prazo sinalado para a realización do seu traballo, e aínda non se ven resultados. Así, a sensación que se transmite é que hai moito receo en destapar o que haxa, cousa que dá pé a sospeitas de todo tipo; que hai moita desconfianza sobre do uso que se fará das informacións obtidas; que hai moito medo a que vaia a máis o desprestixio da propia institución eclesial.

Se sabemos que a verdade manca, e pode facelo moito, tamén sabemos que só a verdade cura, que só a verdade nos libera, por nos permitir coñecer e cambiar hábitos e sistemas que estiveron condicionando ata o presente aquilo polo que sentimos vergonza. Para cousas así nos pode valer a Coresma que estamos vivindo.

7.- Na procura do verdadeiro

Estamos nun momento en que sentimos a necesidade de expresar a nosa fe cristiá en fidelidade ás nosas raíces, pero tamén desexando razoala e presentala de xeito que sexa intelixible e significativa para os homes e mulleres da nosa cultura. Vainos moito nisto.

Así, nos procesos de formación da infancia, mocidade e xente adulta buscamos cousas con xeito que satisfagan esa necesidade. E, velaí, neste Nadal converteuse nun éxito editorial un libriño de Raúl Eguía Recuero titulado *MATTEO, pase lo que pase YO SIEMPRE estoy contigo*. Despois dunha primeira edición de 4.000 exemplares, en poucas semanas tivo unha segunda e terceira edición.

O libriño é curto, 60 páxinas ilustradas; narra a historia dun picariño, Matteo, incomprendido na casa e fóra dela, que se ve envolto nunha trama sinxela, cando chegan á praza do pobo un par de frades algo raros: frei León e frei Francisco de Asís. Estamos, logo, no mesmísimo Greccio (Italia), alí onde Francisco quixo celebrar o nacemento de Xesús da forma máis popular e evocadora posible, creando o primeiro Nadal vivente. O relato ten por momentos todo o gusto, a simplicidade, o engado da espiritualidade franciscana dos primeiros tempos.

Pero sorprendeume ver que aos habitantes de Greccio «que sufriran nos últimos anos varias desgrazas: cada pouco había

tormentas de sarabia que esnaquizaban a colleita e os viñedos; mandas de lobos salvaxes devoraban os animais, e mesmo mataran algunha persoa», a eses mesmos veciños lles di Francisco nunha primeira predica-ción (traduzo ao galego):

«Deus (...) quere amosarvos canto vos ama, quere sandar as vosas familias, os vosos fillos, quere que vos deixedes coidar, que vos deixedes amar e que o amedes. E o maior obstáculo para experimentar o Amor de Deus é o pecado. Por iso escoitade a verdade que vos anuncio: se cada un de vós confesa os seus pecados e fai dignos froitos de penitencia, eu asegúrovos que descubriredes a Bondade de Deus, a súa inmensa Misericordia, e todas estas desgrazas que sufrides arredaranse, e que, mirándovos o Señor con amor, enriqueceravos con bens temporais».

E sorprendeume esta suposta prédica porque onde queda aquilo de que Deus fai saír o seu sol sobre xente mala e boa (cfr Mt 5, 45)? Porque vén dicir que as desgrazas naturais son un castigo divino; porque, como insisten os predicadores evanxélicos sobre todo en América, os éxitos

en bens temporais son unha bendición de Deus, e non quizais froito do esforzo ou da inxustiza humana; porque dá a entender que a pobreza, a enfermidade, a desgraza é consecuencia do pecado. E iso sen negar, claro, que «o maior obstáculo para experimentar o Amor de Deus é o pecado», pero o pecado noso non fai que Deus deixe de nos amar; nin a el contesta nunca Deus con calquera acción positiva en contra nosa, El só sabe amar, sempre, sen distingo.

Doeume que nun libro con formas tan atractivas se sigan mandando mensaxes deste tipo que responden a unha teoloxía que debería estar caduca. Pero, vaía, niso mesmo abundamos moito, p. ex., cando ante algunha desgraza climática organizamos rezos para –iso se suxire, aínda que non se diga–, para que Deus, que pode facelo, deixe de nos perturbar a vida con ese tipo de interferencias no decurso do mundo. Outra cousa sería rezar abríndonos ao Espírito de Deus que nos urxirá a responsabilizarnos ata onde ben poidamos, para que as desgrazas non nos desfagan a vida, e para que saibamos asumir a nosa fragilidade cando, aínda con

esas, a desgraza persista. Por iso quizais o máis verdadeiro do libriño sexa o mesmo título, que cada quen se pode apropiarse: «MATTEO, pase o que pase eu sempre estou contigo».

8.- Unha vida en verdade

Cadrou así, que aquel luns, estando a ler o libro titulado *Xesús Mato. 90 anos... e 50 do seu Fuxan os ventos*, coordinado por Antonio Giz e Xulio Xiz, lía e rezaba eu as lectura do luns da 6.^a semana do T. O. Na primeira falábase do conflito entre Caín e Abel –paradigma da maioría dos conflitos humanos–, baseado fundamentalmente no afán de recoñecemento, de valoración externa, e na dificultade conseguinte para elaborar unha satisfacción propia desde o interior de cada quen, como lle suxire a voz do Señor: «Por que te alporizas e andas coa testa baixa? (O Señor reparara na ofrenda de Abel e non na súa) Se fas o ben, poderás levala ergueita» (Xén 4, 6-7). E no evanxeo contaba Marcos que os fariseos, «para probalo (*a Xesús*), pedíronlle un sinal do ceo» (Mc 8, 11b).

Traio isto a conto porque na figura do crego Xesús Mato Mato

atopo unha exemplificación perfecta da resposta conveniente para a realidade humana que subxace e estas dúas narracións.

O libro que vos comento está perfectamente editado. É un libro de coro, coral, como se di agora, porque Mato foi así sempre, e séguese sendo: un home, un crego, un galego de coro. Neste libro participan moitas persoas que formaron parte dese coro vital que os uniu a Mato, compartindo cada quen a súa experiencia naquela área concreta na que se sentiu máis collido pola personalidade de Mato. O libro vai acompañado polo testemuño de abundantes fotografías. Pero, e nisto vin unha ben interesante novidade respecto doutros libros destas características, a narración dos convidados a este banquete da palabra vaise cruzando coa secuencia autobiográfica que o propio homenaxeado nos ofrece. Un fondo de cor advirte da presenza destas páxinas. A suavidade da cor revela a humildade vital deste gran home que aos seus 90 anos Xesús Mato Mato segue sendo para todos nós.

E volvo agora aos textos bíblicos citados. Coñezo a Mato desde hai moitos anos.

Algo, pouco, participei nas súas andanzas, maiormente nos tempos da súa presenza na Montaña do Cebreiro. Sabía algo del, xaora, pero nunca me imaxinei que fose tanto e tan cumprido o que da súa cabeciña, da súa palabra, das súas mans fora saíndo: programas de radio, corais e orfeóns, Fuxan os Ventos, movemento de mocidade, miles de artigos na prensa, recoñecemento do galego como Fala nosa, Auxilia, Crego da montaña, Reiseiros... E non mo imaxinei porque nunca vin a Mato chufándose disto e daquilo. Sempre discreto sobre de si, sempre cun aquel de inocencia, de simplicidade da boa, de ledicia nos beizos e na ollada... E agora, lendo o libro, decátome do don que ten para, en bo sentido, tirar a pedra e agochar a man: imaxinar, botar algo a andar, crear, xunguindo sempre o civil co relixioso, involucrando a quen pasaba por alí, ata o punto de convertelos en actores principais de algo que non é de ninguén porque é de todos. E sentíndose agraciado porque as cousas fosen así.

E aínda queremos algún sinal máis da presenza amorosa, viva, de Deus no medio de nós?

Andamos ás voltas coa clerecía, e non está nada mal darlle un bo repasiño. Pero non é ben meter a todos no mesmo saco. Houbo e hai cregos nada clericais, que por graza e esforzo souberon estar onde cómpre estar, souberon servir upando o pobo, souberon desaparecer deixando unha herdanza eclesial, popular digna de agradecemento. E a ese agradecemento nos apuntamos de corazón cunha envexa sa, xa que todo precisa de continuidade. E a esa continuidade humildemente me quero apuntar tamén.

En fin, 166 páxinas dunha vida en verdade para gozo e proveito de quen ben o queira.

9.- A mentira sufrida

E imos rematando este breve relatorio de feitos que teñen que ver coa verdade ou co seu oposto, a mentira. Referímonos á condición de vida das mulleres na sociedade e especialmente na Igrexa. Porque parece que é na Igrexa onde máis resistencia atopan para poderen ser o que son: persoas merecentes de todos os deberes, de todos os dereitos. Iso polo menos é o que afirman convencidas milleiros e milleiros de mulleres, e das que máis

apaixonadamente pretenden vivir a súa pertenza eclesial. Ao tempo que aplauden pasos que se dan para o seu empoderamento civil e eclesial —e nisto o Papa Francisco marca moito o paso—, tamén non entenden que respecto a elas non se aplique ao completo a tan revolucionaria afirmación paulina: «É todo iso de xudeus e gregos, de escravos e libres, de homes e mulleres, todo iso acabou, pois sodes coma un só en Cristo Xesús» (Gál 3, 28). E vense desconcertadas cando, para tal faceren, os clérigos en ocasións mesmo apelan a razoamentos teolóxicos raros, alambicados, cos que se lles nega ás mulleres a capacidade de poderen ser imaxe e referencia do mesmo Xesús de Nazaré, e todo, simplemente, por teren un corpo feminino. Elas téñeno moi claro: estase elevando a categoría teolóxica, e mesmo dogmática, o que é simple derivada dunha cultura patriarcal, na que a Igrexa se criou e medrou.

Pois loitando pola súa verdade ontolóxica e vital, práctica, estase a dar a *Revolta das Mulleres na Igrexa-Alcem la Veu*, un movemento que botou a andar no 2020, ao que se incorporaron en Galicia as Mulleres Cristiás Galegas

Exeria, grupo existente como tal desde o 1996. E así, o 5 do pasado marzo a Revolta das Mulleres levou a cabo unha acción en vinte cidades de España, tamén en Santiago de Compostela e Vigo: diante das catedrais respectivas presentáronse elas levando na man e no corazón as conclusións do Sínodo mundial das Mulleres, manifestando o seu compromiso por unha Igrexa onde as mulleres deixen de estar invisibilizadas, silenciadas, de seren tratadas como menores de idade, sen poderen acceder ao sacerdocio, se para tal función teñen vocación e preparación.

Nese acto leron un manifesto compartido, no que din de si mesmas que veñen de lonxe –un longo recorrido secular de mulleres amantes, crentes, combativas–, que son moitas en todos os servizos eclesiais, que están fartas e din «abonda xa!», e que imaxinan e constrúen unha Igrexa nova, con comunidades de iguais, con liderados compartidos, unha Igrexa paritaria, máis plural e menos xerárquica, unha Igrexa que acompaña a diversidade de familias e de orientacións sexuais, unha Igrexa onde as mulleres se recoñecen con autoridade e lide-

rado, unha Igrexa que xa hoxe é semente de futuro.

En Galicia fixéronlles chegar as conclusións do Sínodo das Mulleres aos cinco bispos titulares galegos, dos que están agardando resposta.

10.- A mentira de non dicir toda a verdade

Nós mesmos podíamos entrar en mentira se nos limitásemos a comentar algo a realidade deixándonos coller por ese halo de falsidade que parece coralo todo. E non é certo. Hoxe pensamos a ollada máis nese lado fedorento do día a día, pero tamén o diario acontecer está cheo de apostas polo fermoso, polo limpo, polo que recende. E velaquí, só case en anuncio, unhas cantas mostras para abrir boca.

Quen non se sentiu abraida pola destrución habida en Siria e Turquía, comparable só coa que a diario vemos na guerra de Ucraína –moito peor esta por estar causada pola malicia humana? Quen non chorou bágoas de dor e de gozo vendo a internacional resposta solidaria polo menos naqueles días

de espasmo e de pavor? Claro que esa solidariedade quedou posta en cuestión cando de alí a pouco preto dun cento de persoas inmigrantes, bebés incluídos, morrían afogados nas augas bravas das costas de Italia, augas aliadas nesa hora da case barbarie europea coa inmigración.

Quen non estivo gozando nestas semanas pasadas coa «iniciativa da diocese de Tui-Vigo, grazas ao traballo conxunto das delegacións de Pastoral Familiar e Medios de Comunicación Social, para axudar a difundir e visibilizar a exhortación apostólica do papa Francisco en 2016, *Amoris Laetitia*, que fala da alegría do amor e da fermosura do matrimonio»? E –como ten que ser– en castelán e galego.

E como non ver con satisfacción o desenvolvemento do sínodo sobre a sinodalidade, xa na súa etapa continental, acción coa que pretendemos precisamente achegarnos á verdade do presente histórico para a Igrexa desde a escoita, desde o respecto á opinión diferente, desde a busca da complementariedade, recreando unha nova maneira de pensar, de dicir e de ser que mesmo pode ser un exemplo para

quen desde áreas civís abusan da confrontación despectiva!

Ou quen non se entusiasmou co Viacrucis, musical, oración de Toni Casado, que acompaña esta devoción clásica con textos e músicas, estreado na mesquita de Córdoba e posto en escena en diferentes cidades e sobre todo na parroquia do Pilar de Madrid, na que o autor traballa! Música pop, orquestral, que mesmo conta con materiais didácticos sobre todo para xente nova, publicados por Edelvives.

Ou mesmo –e haberá quen o vexa con malos ollos– que líderes católicos, musulmáns, evanxélicos, ortodoxos e anglicanos de España se xuntasen na sé da CEE para expresar un «si á vida», firmando unha nota da subcomisión episcopal de Familia e Vida ante a sentenza do Constitucional que aprobaba a Lei do Aborto do 2010, lei que todos estas confesións relixiosas consideran «ideolóxica, anticientífica e que promove a desigualdade».

En fin, queridas persoas que isto lestes, feliz Pascua, coa que a Verdade trunfe en todo sobre a mentira, para que a irmandade se poida ir facendo viva e real!

Manuel Regal Ledo